

## Os Nossos Apelidos

---

Xoán Xosé Sande Suárez

As distintas culturas, pobos e civilizacións encontráronse nun determinado momento co problema de individualizar ás persoas para diferencialas. As solucións foron moi diversas.

Parece que nos tempos máis remotos existía certa creencia de que a atribución dun nome a unha persoa non era algo convencional, senón que existía certa influencia do significado do nome sobre a persoa. Por iso moitos deles facían referencia a algunha cualidade desexable ou constatable. Actualmente aínda Papas, reis, frades, monxas... parecen obedecer a esta tradición ao trocar o seu nome.

Na civilización do Oriente Medio (árabes e xudeos) convivían as combinacións nome propio + lugar de nacemento (Xosé de Arimatea) e nome propio + nome do pai (Alí ben Mustafá: Alí fillo de Mustafá).

Os romanos van introducir un sistema de tres nomes:

Prenomen	+	Nomen	+	Cognomen
(nome persoal)		("gens" ou ou estirpe)		(rama familia)
PUBLIO		CORNELIO		ESCIPIÓN

As veces engadíase un adnomen ou alcume: o Africano.

Os distintos pobos que ocuparon Galicia foron deixando a súa pegada nos antropónimos. A evolución do idioma, os erros ortográficos, o descoñecemento da lingua e outras moitas causas, entre elas o uso cotián, foron escurecendo o significado de algúns.

A presenza en Galicia dos escribas e rexistradores casteláns e/ou castelanizados provocou unha verdadeira desfeita nos apelidos, así como na toponimia, do que abundan exemplos:

Herbello, Ervello, Erbello.. ; Hermelo, Ermelo ... etc., etc.

A fins do século XI, por mor do aumento da poboación, -entre outras causas-, fíxose necesario engadir ao nome unha segunda denominación, -xeralmente un patronímico-, referida ao pai.

É o momento da aparición dos apelidos acabados en -EZ:

Álvarez	fillo de	Álvaro
Bermúdez	"	Bermudo
Bernárdez	"	Bernardo
Domínguez	"	Domingo
Estévez	"	Estevo
Fernández	"	Fernando
González	"	Gonzalo
López	"	Lopo
Martínez	"	Martín

Méndez	“	Mendo
Núñez	“	Nuño
Pérez	“	Pero (actual Pedro)
Rodríguez	“	Rodrigo
etc., etc., etc ...		

É o recurso utilizado por outras culturas, e outros pobos, e do que tanto se bota man para "caracterizalos"; o -OVNA ruso (Petrovna: filla de Pedro), o -VIC iugoslavo (Petrovic: fillo de Pedro), o -INI italiano, o -SON inglés (Johnson: fillo de Xoán) o grego - POULOS, etc., etc.

Os nomes dos lugares de procedencia ou de residencia tamén acabaron incorporándose como apelidos. Temos un exemplo xa vello en Xohán de Cangas. Aínda actualmente adóitase facer referencia a Pepe o de Hío, María a de Coiro, etc. sempre que quede a salvo entre os interlocutores a individualización diferenciadora. Os apelidos cunha probable orixe toponímica son numerosísimos, como podemos comprobar: Barreiro, Boubeta (1), Casas, Casás, Casal, Castro, Costa, Costas, Curra, Currás (2), Chapela (3), Germade (4), Graña (5), Guimeráns (6), Herbelo (7), Hermelo (8), Malvido (9), Menduiña, Millán (10), Molanes, Molares (11), Nerga, Nogueira, Pastoriza (12), Pazo/Pazó/Pazos/Antepazo (13), Pena (14), Piñeiro, Portela (15), Rial (16), Soage (17), Soliño (18), Sotelo (19), Tenorio (20), Vilas/Vila (21)... Todos eles con exemplos no Morrazo.

Chama a atención como una boa parte da toponimia maior (Cangas, O Hío, Darbo, Coiro, Aldán, -si, Aldao-, etc.) non aparece nos apelidos. A pescuda nos rexistros e a investigación daríanos explicacións.

Os alcumes, -outra fórmula de individualización diferenciadora-, pasaron nalgún caso a incorporarse como apelidos: Bravo, Fortes (?), Esquíu...

Algo parecido sucedeu cos oficios. Así encontramos apelidos como Ferreiro, Barreiro (22), Cordeiro (23), etc.

Os nomes de animais non tiveron moito éxito como apelidos galegos; as mais das veces teñen orixe foránea (León, Becerra, Culebras, Cordero, etc.). Con todo podemos encontrar algún Coello, Lopo (patronímico), Raposo ... que puideron entrar como alcumes.

A orografía tamén introduciu Lago, Lagoa, Outeiral...; e foráneos Juncal (galego: Xunqueira), Otero (galego: Outeiro, Outeiriño...).

A fins do século XVI regúlase oficialmente a atribución dos apelidos e paralísase a innovación creadora. Actualmente aínda viven os alcumes ou as individualizacións por xentilicios e/ou topónimos.

- (1) Probablemente procede dunha palabra anterior aos celtas; BOD-, co significado de "foxo, poza ..."
- (2) Do celta COR co significado de "construción circular".
- (3) Podía pensar alguén na pucha ou boina vasca; pero probablemente estamos ante un latino \*CAMPELLA co significado de "campiña".
- (4) Castelanizado no canto de Xermade. Dun latino GERMATUS co significado de "nacido, xermolado".
- (5) Probablemente dun \*(villa) granea, é dicir, unha granxa.
- (6) De orixe xermánica: Wim + er + anis.
- (7) O correcto sería Ervello, pois estamos ante un latino ervilia ou ervum; nunha palabra, ervilla, que en bable, por exemplo, din arvello.
- (8) O correcto sería Ermelo, por un mais que probable latino eremo, "lugar deserto".
- (9) Co significado de "lugar de malvas".
- (10) Herba que nace entre o millo.
- (11) Con probabilidade "suave, brando" para referirse á terra ou aos seus froitos. Castelanizado no canto de Moláns.
- (12) Pastizal.
- (13) Mansión señorial. O pazo presidía a vila ou graña. Vid. nota 5.
- (14) Rocha, penedo.
- (15) Co significado de "lugar de paso", por exemplo, entre Cangas e Bueu.
- (16) Refírese a unha propiedade do rei.
- (17) Castelanizado no canto do galego Soaxe. É o nome da herba que xira co sol, o heliótropo.
- (18) A evocación da idea de soidade parece predominar. Compre facer unha proposta: é habitual encontrar na toponimia a composición SUB + nome (Soagro, Suiagrés, Suapresa, Suaquintana, Suatorre, Suaviña, Subarcias, Suortiñas... etc.). Non estaremos ante unha forma \*SUB+ LINEUM "ao pé do liño - liñar"?
- (19) Castelanizado no canto de Soutelo. Castiñeira.
- (20) Probablemente preindoeuropeo co significado de "corrente de auga". O apelido, de orixe galega, chega a Andalucía cos galegos que participan na guerra da Reconquista, entrando con gloria na literatura española.
- (21) Granxa. Vid. notas 5 e 13.
- (22) Probablemente "arxileiro, oleiro". Tamén pode ter a súa orixe na toponimia.
- (23) Non hai que pensar tanto nas ovellas e nos años como no artesán das cordas, é dicir, no cordeleiro, cordeiro, cordeiro.

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, 1987)